

# LEIRABUXO

Leirabuxo é un proxecto musical que xurde no cerne da Comarca da Montaña Galega no ano 2010, sendo froito da xuntanza entre catro amigos amantes da música tradicional e procedentes xa dun proxecto musical anterior. As inquedanzas destes catro amigos gaiteiros, e como eles din "... a verdade é que leiramos ben... fixeron que se xuntaran de novo para facer o que realmente a eles lles gusta, que non é outra cousa que tratar de divertir ao público facendo música tradicional da nosa Galiza con ese instrumento que nace dun pau de buxo, e de aí o seu nome de Leirabuxo.

Nos seus comezos o proxecto musical Leirabuxo estaba composto por Manuel Varela de Boimorto ao acordeón, Román Varela de Agolada ao tamboril, Carlos Varela "Pulgui" de Melide ao bombo e Carlos Fandiño de Teixeira á gaita, pero, a día de hoxe, e despois de doce anos de traxectoria musical, o grupo confórmano Carlos Fandiño (Gaita), David Fernández (Saxofón Barítono, Voz), Laura López (Gaita), Carlos Expósito "Pulgui" (Bombo, Voz), Arón Ulloa Percusións, Voz), Carlos Mazás (Saxofóns Alto e Soprano), Manuel Varela (Acordeón), e Uxía Muíño (Pandeiretas e Voz). Neses anos outros músicos coma Carla Rey, Lía Rey ou X. Luís Barreiro formaron tamén parte da agrupación.

Os oito compoñentes do proxecto Leirabuxo forman parte doutros proxectos musicais da bisbarra pero todos eles senten un especial agarimo cara Leirabuxo, sinxelamente pala amizade existente entre eles e pola súa atracción cara a música tradicional do noso país.

Nestes doce anos de existencia, Leirabuxo xa participou en

múltiples festivais e iniciativas culturais tales coma O Festival de Pardiñas, O Festival de la Luz, O Son do Masma, O Festival do Melindre, o Festival Xironsa, e outros moitos eventos e testas ao longo de toda a xeografía Galega.

No ano 2014 gravan e editan o seu primeiro traballo discográfico que sae ao mercado baixo o título “..pé de ouro, raíces de prata ...”, no que podemos apreciar o mellor do seu repertorio repartido en 12 cortes.

Comenzan ese mesmo ano a xira de presentación que os levará por numerosas salas da xeografía galega, coma o Clavicémbalo en Lugo, A Cova Céltiga na Coruña, o Buril en Sarria ou a Casa das Crechas en Santiago de Compostela, entre outras moitas, onde este disco ten moi boa acollida entre o público, que acostuma a definilo como fresco, dinámico e diferente.

No ano 2015, e tendo en conta o hándicap que supón a contratación dun equipo de son para as actuacións do grupo, Leirabuxo acomete e afronta efectivamente a compra dun equipo propio amoldado ás súas necesidades, circunstancia que abarata considerablemente o caché do grupo ao non ter que alugalo.

A principios do 2018, e despois dunha longa xestación, ve a luz o seu segundo traballo discográfico, de nome Mínimum, no que a identidade musical de Leirabuxo se consolida definitivamente gravando so temas de creación propia e/ou tradicionais, pero sempre visionados baixo a perspectiva musical que identifica ao grupo. É este un disco de música sobre todo orixinal, pasada por ese coador tan personal que fai que sone a Leirabuxo, e condimentado nesta ocasión con importantes colaboracións, no que ata podemos atapar algunha que outra sorpresa.'

O obrigado parón pandémico do 2020 e 2021 non fixo mella nas

ansias do grupo que, contra vento e marea, seguiu traballando e ofrecendo actuacións en directo, chegando a pechar 16 concertos na pasada campaña, moitos deles baixo o patrocinio das áreas de cultura da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña. Neste lapso de tempo, incorporan novo repertorio que conformará o terceiro disco da formación, cuxa gravación está proxectada para o outono deste 2022.

O colectivo Leirabuxo consolida a súa presenza no panorama musicocultural coa creación da "Asociación Cultural Leirabuxo", con sede na vila de Boimorto, de onde son veciños varios dos seus integrantes. Os obxectivos primeiros e máis importantes de dita asociación son promover e divulgar a música de carácter tradicional tanto na comarca, enclavada na Galicia Rural, coma alí onde lle sexa posible facelo.

Tal e como se describiu, é Leirabuxo xa un proxecto de longo percorrido e o seu propósito é seguir disfrutando e compartindo a súa música.

Contacto Leirabuxo:

Asociación Cultural Leirabuxo  
Gándara, 23 15818 Boimorto - A Coruña

Email: [leirabuxo@gmail.com](mailto:leirabuxo@gmail.com)

Tfnos:

Manuel Varela: 677 732 706

Aron Ulloa: 615 510 393